

Concello de Ponteareas

LVI CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS. PONTEAREAS 2024

O Concello de Ponteareas, no seu afán por promover e difundir a música tradicional galega, convoca para o vindeiro sábado 21 de setembro de 2024 a *LVI EDICIÓN DO CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS*, consolidándose coma a festa musical, na súa especialidade, máis antiga de Galiza e colocando a Ponteareas como referente no panorama da música tradicional galega.

Bases:

1º.- Poderán participar no concurso ata un máximo de trece grupos de gaitas que toquen con instrumentos tradicionais galegos, sen modificación de ningún tipo. Pódense presentar tanto persoas físicas como xurídicas.

O crédito que se dispón para outorgar os premios e gratificacións será de 9.700,00 euros, con cargo á partida 2024 / 0 / 33000 / 4802022 / 01 do orzamento vixente.

2º.- Documentación a presentar

- Anexo 1 - **Solicitude**. Modelo facilitado polo Departamento de Cultura Municipal na web do Concello.
<https://ponteareas.gal/servizos/cultura/bases-cultura/>

A) Se o grupo pertence a unha asociación, ademais, ten que presentar:

- Copia do CIF da asociación.
- Copia do DNI do presidente ou representante.
- Anexo 2 - **Autorización asinada polo presidente** para a consulta se a asociación está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, e coa administración estatal e autonómica (AEAT e ATRIGA).
- Anexo 3 - Ficha de Terceiros ou **Certificación da conta bancaria**, incluíndo o número de conta onde se ingresará o premio ou a gratificación.
- Anexo 4. Inclúe:



Concello de Ponteareas

- **Certificado** do/da secretario/a co nome do/da presidente/a da asociación ou persoa autorizada, segundo se recolla nos estatutos da asociación, para asinar as declaracións que se achegan no documento.
- Declaración conforme a **asociación no ten ánimo de lucro** e está legalmente constituída.
- Declaración na que se poña de manifesto que non se atopa en ningún dos supostos de **incapacidade ou incompatibilidade** para a percepción de subvencións ou axudas públicas.

B) Se é un grupo de gaiteiros pero non pertence a unha asociación:

Cada un dos integrantes **debe cumprir os requisitos de xeito individual. O premio será distribuído a partes iguais entre os integrantes do grupo** e xunto coa inscrición presentará:

- Copia do DNI
- Anexo 2 - Autorización asinada polo participante para a consultar se está ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, e coa administración autonómica e estatal.
- Anexo 3 - Ficha de Terceiros ou **Certificación da conta bancaria**, incluíndo o número de conta onde se ingresará a parte proporcional do premio o premio ou a gratificación.

Na solicitude indicárase o nome e apelidos co DNI dos compoñentes do grupo que poderán ser reclamados pola organización en calquera momento do concurso.

É importante que cada grupo indique na inscrición o enderezo postal, o enderezo electrónico e número de teléfono de contacto dun representante do grupo.

3º.- A Solicitude de inscrición presentarase por **Rexistro de Entrada** do Concello de Ponteareas a través da sede electrónica ou a través de calquera das formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de balde.

O **prazo de admisión** de solicitudes comeza ao día seguinte da publicación no BOPPO o extracto enviado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e **remata o día 13 de setembro de 2024**.



Concello de Ponteareas

4º.- Grupos participantes. O número mínimo de grupos de gaitas participantes será de seis (6) e o máximo será de trece (13). Unha vez completado o máximo de participantes, farase unha lista de agarda por orde de inscrición para os casos de renuncia.

O día 19 de setembro, o Concello resolverá a listaxe de **grupos admitidos** no concurso, comunicándollo a tódolos inscritos.

As/os compoñentes dos grupos participantes non poderán participar na mesma edición do concurso formando parte de máis dunha agrupación.

O día **20 de setembro** realizarase o **sorteo** en presenza do Secretario do Concello ou da persoa na que delegue e os participantes que queiran asistir.

5º.- Só se pode concursar cos seguintes instrumentos tradicionais galegos: dúas gaitas, un bombo e un tamboril. Non se admiten máis instrumentos dos enumerados nin menos, debendo os participantes vestir o traxe tradicional galego completo.

6º.- Os grupos participantes estarán ás **16:00 horas da tarde do sábado, día 21 de setembro de 2024, diante do edificio da Casa do Concello** de Ponteareas, vestidos co traxe tradicional galego completo e realizarán unha ruada interpretando melodías galegas ata o lugar de celebración do concurso na orde establecida no sorteo.

A organización poderá cambiar o lugar de encontro, previa información aos grupos participantes, se así o considera oportuno.

7º.- Os grupos participantes interpretarán dúas pezas de libre elección que serán de raíz melódica galega. O tempo total das dúas pezas non superará os 8 minutos e non se admitirá a interpretación de suites nin de popurrís.

Permítese a afinación dos instrumentos musicais no escenario. Terminadas as interpretacións, o xurado resolverá ao seu criterio a clasificación dos grupos participantes. O xurado é competente para declarar deserto algún dos premios.

8º.- O xurado do *LVI CONCURSO DE GAITAS DE DO PAÍS* de Ponteareas estará composto por:

Presidente: O 1º Tenente de alcaldesa do Concello de

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 (Pontevedra). Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Concello de Ponteareas

Ponteareas ou a persoa na que él delegue (con voz e voto no caso de que sexa preciso desempatar).

Secretaria: un traballador/a do departamento de cultura con voz e sen voto que levantará acta do acontecido na deliberación.

Cinco vogais: persoas de recoñecido prestixio no mundo da gaita e da música tradicional do país.

9º.- O xurado poderá outorgar mencións especiais sen dotación económica, sempre que concorran circunstancias especiais merecedoras de tal mención

10º.- O *LVI CONCURSO DE GAITAS DO PAÍS* de Ponteareas estará dotado dos seguintes premios:

- **1º PREMIO 2.000,00 euros**
- **2º PREMIO 1.500,00 euros**
- **3º PREMIO 1.000,00 euros**
- **4º PREMIO 700,00 euros**

A fundación pública **Artesanía de Galicia**, obsequiará aos gañadores do **primeiro premio** cunha **gaita tradicional galega do Obradoiro de Gaitas Gil** e os gañadores do **segundo premio** cun **tamboril de Sanín Percusión Tradicional**.

O **resto dos grupos** participantes que non acadaron ningún dos catro primeiros premios, recibirán como premio unha gratificación de **500 euros** pola súa participación sin ter en conta a posición na que quedaron no concurso, conforme ás Bases de Execución do Orzamento Municipal.

11º.- Para recoller o premio deberán subir ao escenario todos os compoñentes de cada un dos grupos clasificados nos catro primeiros postos, vestidos co traxe tradicional galego completo.

12º.- Os premios e gratificacións estarán suxeitos ás correspondentes retencións establecidas por lei, tanto que se presenten como asociación ou agrupación.

13º.- A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas recollidas nestas bases e a conformidade coas decisións da organización e do xurado, decisión que será inapelable, sen dereito a reclamación ou recurso ningún.



Concello de Ponteareas

Ponteareas, asinado electronicamente,

